

CAMPAMENTO DEPORTIVO DE VERÁN 2021

Organiza:

O Campamento Deportivo de verán organízao a Asociación do Deporte Meco (ADM) en colaboración coa Concellería de Deportes do Concello do Grove.

Obxectivos:

O obxectivo principal do Campamento Deportivo de Verán 2021 é desenvolver actividades deportivas para que as nenas e os nenos estean atendidos mentres os seus pais traballan e poidan divertirse nun lugar seguro, apoiando as familias e a conciliación laboral e familiar. Tamén:

- Coñecer e practicar diferentes modalidades deportivas, fomentar a afección pola práctica deportiva, o contacto cunha vida saudable e o respecto pola natureza.
- Desfrutar, pasalo ben e facer novas amizades.
- Fomentar un ocio activo.

Datas:

Realizarase de luns a venres , do 1 de xullo ao 31 de agosto, agás sábados, domingos e festivos.

Idades:

Vai dirixido a nenas e nenos nados entre 2009 e 2015.

Horarios:

Horario normal: de 10.15 a 13.30 horas

Horario ampliado: de 9.00 a 13.30 horas

Participantes:

Dividiremos a rapazada en pequenos grupos, seguirase o Protocolo da Xunta vixente en cada momento (grupos reducidos, uso de máscara, toma de temperatura, xel hidroalcohólico...).

Será obrigatorio levar roupa e calzado deportivo e cómodo. Para a práctica dos deportes náuticos e os días de praia é necesario que os nenos e as nenas veñan ao campamento con toalla, chancletas/escarpíns e roupa para cambiarse. Teñen que vir sempre en zapatillas de deporte.

A distribución dos grupos por idades pode variar en función das inscricións.

Monitores/as:

Teremos un equipo de monitores/as especializados/as nas diferentes actividades que se van realizar ao longo de todo o verán.

Zonas:

Monte da Vila (campo de fútbol, pavillóns, escola infantil), pavillón náutico, praias de Confín, As Pipas, Rons... As modalidades deportivas e as actividades practicadas iranse adaptando en función da normativa vixente.

Tarifas:

Horario normal: 140 €/mes; segundo fillo/a, 105 €

Horario ampliado: +20€/mes

Os prezos inclúen dúas camisetas.

Prazas:

Cubriranse dándolles prioridade ás persoas empadroadas no Concello do Grove, inscritas os dous meses e que ambos os proxenitores/titores traballen. **Máximo: 120 inscricións.**

Documentación:

1. **Formulario de inscrición + Anexo I** TOTALMENTE cuberto en MAIÚSCULA.
2. Impreso no mesmo folio e sen recortar:
Fotocopia do **DNI do pai, nai, titor/a** e fotocopia da **tarxeta sanitaria do/a neno/a**.
3. Xustificante da **ocupación laboral do pai e da nai ou titor/a ao cargo do/a neno/a**.

Prazo de inscrición	10-17 de xuño
Lista de admitidos/as	23 xuño (www.concellodogrove.es)
Pagamento da matrícula (Debe figurar o nome do/a neno/a e o mes) ABANCA: ES0620805426283040122645	24-25 xuño (entregar xustificante na Casa do Concello)
Reunión	29 xuño (hora e lugar: indicárase na páxina do Concello)

Información:

Teléfonos: 886 214 933 / 986 104 411

tecnicodeportes@concellodogrove.es - omix@concellodogrove.es